

# PLAN DE IGUALDADE



**CPI PLURILINGÜE DR. LÓPEZ SUÁREZ**

**ESCAIRÓN, O SAVIÑO**  
**CURSO 2022/23**

## ÍNDICE:

1. Introducción
2. Contextualización normativa e do centro
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan
  - 4.1. Implicar á comunidade educativa en coeducación
  - 4.2. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
  - 4.3. Prevención detección e intervención en casos de violencia de xénero
  - 4.4. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
  - 4.5. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos
  - 5.1. Organización do centro.
  - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
  - 5.3. Xestións dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
  - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación
7. Anexo actividades

## INTRODUCCIÓN

Este Plan vai dirixido a ofrecer unha pautas para a promoción da igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero no centro educativo, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para poder desenvolver as súas capacidades e habilidades é a clave para que unha sociedade avance na súa globalidade. Según Kofi Annan, " la igualdad de género es más que un objetivo en sí mismo. Es una condición previa para afrontar el reto de reducir la pobreza, promover el desarrollo sostenible y la construcción de un buen gobierno"

Segundo a UNESCO, a igualdade de xénero defínese como a igualdade de dereitos, responsabilidades e oportunidades das mulleres e dos homes, e das nenas e dos nenos. A igualdade non quere dicir que homes e mulleres sexan o mesmo, senón que os dereitos, as responsabilidades e as oportunidades non poden depender do sexo.

O principio de igualdade e de non discriminación por razón de sexo, tendencia sexual, etc, é unha obra de dereito internacional xeral que vincula a todas as nacións e dado o seu carácter primordial, establécese sempre como un principio que debe inspirar ao resto dos dereitos fundamentais.

Na actualidade, a pesares dos esforzos realizados nos últimos anos, non só se seguen a manifestar feitos e comportamentos que evidencian desigualdades persoais, sociais e profesionais entre mulleres e homes, ou pola súa identidade e tendencia sexual, senón que se observan alarmantes retrocesos. É habitual ver nos diferentes medios de comunicación diferentes noticias relacionadas coa violencia de xéneros: mulleres asasinadas, mulleres maltratadas, ataques contra colectivos gais, lesbianas, bisexuais ou transexuais (en adiante LGBT).

Como comunidade educativa inmersa na sociedade actual e comprometida coa mesma, temos que introducir prácticas educativas que promovan cambios nas relacións de xénero, que permitan corrixir os estereotipos sexistas e de condutas discriminatorias, e axuden a construír relacións entre os sexos e tendencias sexuais baseados no respecto e na corresponsabilidade. Conscientes da importancia deste feito, pretendemos construír o noso proxecto educativo en torno á coeducación como un dos seus obxectivos fundamentais.

De xeito moi especial a educación ten que ser un elemento fundamental na prevención da violencia, e máis concretamente na prevención da violencia de xénero e na fobia contra os colectivos LGBT, colaborando nas tarefas de

sensibilización, prevención e detección da mesma e promovendo o coñecemento das súas causas, características e consecuencias. Hai que modificar os factores culturais subxacentes na orixe de dita violencia e loitar contra a intolerancia social a calquera das súas manifestacións.

Poderíase pensar que o modelo educativo actual, que fai posible que alumnas e alumnos, independentemente das súas identidades de xénero, compartan aulas, espazos, tarefas e currículo é por si mesmo garantía de igualdade. Sen embargo, o marco legal non parece ter correspondencia coa realidade que vivimos tanto na nosa sociedade como nas aulas. Diversos estudos e investigacións seguen constatando a elección sesgada polo xénero de itinerarios educativos de optativas e de perfís.

Este plan de igualdade pretende ser un documento aberto e de carácter dinámico, unha folla de ruta que guíe o proceso coeducativo no centro.

Co propósito de acadar os obxectivos propostos neste plan, e seguindo a normativa vixente, nomearase no seo e no primeiro Consello Escolar de cada curso académico, unha persoa responsable de igualdade.

Tamén se contemplará dentro dos diferentes plans relacionados coa convivencia, medidas de intervención relacionadas con condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Tamén se propiciará unha serie de obxectivos coeducativos nos diferentes plans deste centro, e difundindo ditos obxectivos entre os membros da comunidade educativa.

Ao longo do ano tomarase especial atención ás celebración de datas sinaladas no calendario escolar, relacionadas coa realización de diferentes tarefas, relacionadas coa igualdade de xénero, como poden ser o 25 de novembro, o 8 de marzo, etc.

## CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O profesorado como formadores da futura sociedade debemos ter en conta que o principio básico para desenrolar unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado, sendo esta unha demanda social á que dende a escola se lle debe dar resposta, tendo presente o marco normativo presentado a continuación.

**Constitución Española:** no seu artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo: *"os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha pro razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social"*.

**Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero,** que tamén fai referencia á educación: *"a conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e a liberdade das persoas teñen que ser un obxectivo prioritario en todos os niveis de socialización". "O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos".* (artigo 4.1.)

**Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo de 2007, para a igualdade efectiva de homes e mulleres,** refírese tamén á igualdade no marco do ensino: *"As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes"*.

**Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa,** sinala en varias ocasións que *"un dos principios nos que se inspira o sistema educativo español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza,, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación"* (preámbulo). *"O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero"* (artigo 1, apartado l)

**Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE)**, establece no preámbulo *uns principios claros que se deben cumprir e que son claves para adaptar o sistema educativo ao contexto actual, entre eles está a igualdade de xénero entre mulleres e homes (a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual)*

**Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 – 2020.**

**Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia** (DOG nº 79, 25/05/2014).

**Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

## ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

No noso centro temos matriculados un total de 177 persoas entre as etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria. O desglose por etapas e cursos é o seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL			
Curso	Nenas	Nenos	Total
4º educación infantil	5	4	9
5º educación infantil	5	10	15
6º educación infantil	6	6	12
<b>TOTAL</b>	<b>16</b>	<b>20</b>	<b>36</b>

EDUCACIÓN PRIMARIA			
Curso	Nenas	Nenos	Total
1º educación primaria	5	8	13
2º educación primaria	7	8	15
3º educación primaria	6	7	13
4º educación primaria	7	6	13
5º educación primaria	3	7	10
6º educación primaria	8	7	18
<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>43</b>	<b>82</b>

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			
Curso	Nenas	Nenos	Total
1º ESO	8	15	23
2º ESO	7	7	14
3º ESO	5	7	12
4º ESO	7	3	10
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>32</b>	<b>59</b>

TOTAL CENTRO			
Curso	Nenas	Nenos	Total
Educación infantil	16	20	36
Educación primaria	36	43	79
Educación secundaria obrigatoria	27	32	34
<b>TOTAL</b>	<b>79</b>	<b>95</b>	<b>149</b>

En canto á paridade do alumnado non existe diferencias significativas entre o número de nenas e de nenos en 4º educación infantil. En 5º de educación

infantil o número de nenos dobra ao de nenas e en 6º de infantil si temos paridade entre nenos e nenas.

Na educación primaria obsérvanse certas discrepancias no primeiro e quinto curso, onde hai un maior número de nenos que de nenas, nos restantes a diferenza e dun alumno/a

Na educación secundaria obrigatoria, maior número de nenos que de nenas en todos os cursos menos en 4º ESO. No 1º curso é onde se observa menos paridade, e no 2º curso de ESO mesmo número de nenos que de nenas.

En canto á paridade entre profesores e profesoras as diferencias son moi significativas:

<b>TOTAL CENTRO</b>			
<b>Curso</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>	<b>Total</b>
Educación infantil	4	0	4
Educación primaria	12	1	13
Educación secundaria obrigatoria	10	5	15
<b>TOTAL</b>	<b>26</b>	<b>6</b>	<b>32</b>

En canto ao resto do persoal do centro profesorado, administración e servizos son maioritariamente mulleres.

A nivel de órganos de goberno non existe paridade, existindo un maior número de mulleres que de homes. O equipo directivo está formado por mulleres (directora, xefaturas de estudo de educación infantil e primaria, xefatura de estudos de educación secundaria e secretaria).

O claustro de profesorado, tal e como quedou recollido no recadro anterior, está composto por 26 mulleres e 6 homes, no momento da realización do plan.

O Consello Escolar está composto por 17 membros, dos cales 14 son mulleres e 3 son homes (representante do Concello, un profesor e un alumno).

A nivel xeral non se observan entre o alumnado e o profesorado comportamentos contrarios á igualdade de xénero ou ao respecto pola identidade sexual, nin se observan estereotipos relacionados con diferenciacións por cuestións de sexo.

A nivel académico tampouco se observan diferencias a nivel de sexo, en cuestións relacionadas coa promoción e coa titulación. O que si se detecta, e que nos poucos casos de abandono escolar antes de rematar a educación secundaria obrigatoria e con alumnado de 16 e máis de 16 anos, existe un maior índice de abandono nos varóns.



## OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

A consecución dos obxectivos marcados a continuación do seguinte plan, terá como principios básicos de actuación:

**Os valores democráticos:** a coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade e xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.

**A visibilidade:** o plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero. Farase visible á toda a comunidade educativa, a través da linguaxe escrita e oral, utilizando comunicados, a través dos diferentes documentos do centro, a través da páxina web deste CPI, a través dos cales se publicitarán as diferentes actuacións, actividades, obradoiros, ..., que se desenvolverán neste centro en relación a este plan de igualdade.

**A transversalidade:** a perspectiva de xénero intégrase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas. Supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro. Traballarase de xeito coordinado nas diferentes áreas e ámbitos escolares.

**A inclusión:** a aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual. As medidas e actuacións diríxense a todo o conxunto da comunidade educativa; é competencia do profesorado, do alumnado e das familias participar e colaborar no desenvolvemento dos obxectivos propostos neste plan.

**Igualdade de oportunidades:** o centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

### 4.1 Implicar á comunidade educativa en coeducación

Coeducar significa educar en igualdade de oportunidades, respectando e valorando as diferenzas de cada un. É un proceso metodolóxico de intervención educativa que debe ser sempre intencionado e explícito, terá sempre como punto de partida o recoñecemento das capacidades individuais do alumnado. Traballando sempre pola eliminación de todo tipo de desigualdades e discriminacións por cuestións de xénero.

- Detectar as actitudes sexistas que prevalecen hoxe en día na escola.

- Potenciar nas persoas a súa capacidade de comunicación e diálogo dende o respecto e a tolerancia, evitando a violencia dende idades temperás.

#### **4.2 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

- Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Detectar actitudes sexistas que aínda prevalezan no noso centro e modificalas.
- Desmitificación das tarefas femininas e/ou masculinas.
- Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminación que se derivan delas.
- Sensibilizar sobre o papel que xogan as familias na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, desmitificando as tarefas femininas e/ou masculinas.

#### **4.3 Prevención detección e intervención en casos de violencia de xénero**

- Promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír a súa erradicación, asegurando unha intervención axeitada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Detectar posibles casos de violencia de xénero no noso centro e tomar as medidas necesarias para a súa erradicación.
- Elaboración dun programa específico sobre resolución de conflitos sen violencia.
- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.
- Concienciar a toda a comunidade educativa da importancia de mostrar o noso rexeito ante a violencia de xénero.
- Ter presentes no Plan de Convivencia medidas preventivas relacionadas coa violencia de xénero.

#### **4.4 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Educación na empatía.
- Educar ao noso alumnado en valores fundamentais de igualdade, respecto e solidariedade. Concienciar ás familias e a toda a comunidade educativa sobre a importancia destes valores.
- Desenvolver no noso alumnado valores de tolerancia e de rexeito aos prexuízos.

- Promover a análise crítica das informacións sobre situacións de marxinación relacionadas coa diversidade sexual.
- Saber identificar elementos de discriminación para poder evitalos.
- Manter unha actitude tolerante ante a diferenza.

#### **4.5 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia**

- Prever a violencia en todos os seus aspectos.
- Elaboración dun programa específico sobre resolución de conflitos sen violencia.
- Concienciar a toda a comunidade educativa da importancia de mostrar o noso rexeitamento ante casos de LGBTIfobia.
- Revisar o Protocolo de acoso escolar, e de ser preciso incluír medidas específicas relacionadas coa LGBTIfobia. No Plan de Convivencia deste centro educativo recóllese o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse algún tipo de actuacións contrarias ás normas de convivencia relacionadas coa identidade de xénero, actuarase segundo o previsto en ditos protocolos.
- Modificación do Plan de Convivencia para incluír medidas preventivas relacionadas coa LGBTIfobia.

## MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

### 5.1 Organización do centro.

De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.

Favorecer, sempre que sexa posible, a representación de homes e mulleres nos órganos de goberno de decisión e representación de xeito equitativo, tendo en conta que na actualidade o número de profesoras é superior ao número de profesores.

Tal e como ven recollido na instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso deste plan de igualdade. Dito nomeamento farase ao principio de cada curso escolar, no primeiro consello escolar.

Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade, con especial atención ás familias: para a súa difusión, así como das diferentes actividades que se levarán a cabo dentro do marco deste plan, crearase un espazo dentro da web do centro co obxectivo de difundir información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.

Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro. En canto ás familias e ao alumnado, levaranse a cabo ao longo do curso e durante datas sinaladas, diferentes obradoiros, charlas, ..., sobre igualdade, prevención de violencia de xénero, etc.

Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar: 25 de novembro, 8 de marzo, 28 de xuño etc

Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.

Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.

Promover pautas de actuación curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero. Valoración dos materiais didácticos e das programacións didácticas desde un punto de vista de perspectiva de xénero.

Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc. A principio de cada curso escolar, este centro educativo participará nalgún ou varios programas ofertados dentro do Plan Proxecta, relacionados coa identidade de xénero.

### **5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade.

Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

Realizar actividades de sensibilización na aula.

Realización actividades de información e sensibilización coas familias.

### **5.3 Xestións dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.

Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.

Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

Previr o acoso escolar, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte das prevención de riscos laborais.

Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

### **5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.

Promover actividades de coidado entre persoas, medio ambiente etc.

Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

Promover metodoloxías activas, participativas e colaborativas.

Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito e a efectividade deste plan de igualdade é necesario definir e poñer en marcha mecanismos de seguimento das actuacións e medidas que o desenvolven, á vez que estratexias de avaliación que permitan valorar o alcance real de ditas actuacións, e ofrecer información relevante para orientar a toma de decisións de cara a potenciar os logros e corraxir as posibles disfuncións.

Trátase dunha avaliación que se entende como un exercicio de responsabilidade individual e colectiva e que implica un proceso de reflexión e análise das actuacións que se van desenvolvendo e o resultado das mesmas, pero tamén dunha avaliación que estimule a participación de toda a comunidade educativa.

O seguimento do plan será unha avaliación continua e formativa onde valoraremos o nivel de consecución dos obxectivos, as dinámicas de traballo, o grao de incidencia na aula e no centro, os posibles materiais elaborados, os problemas detectados e unha valoración global do traballo desenvolvido. Esta avaliación continua permitiranos observar se os obxectivos marcados no mesmo son axeitados e as actividades propostas (anexo I) son as correctas e de non se así, realizar as modificacións oportunas.

Elaborarase un informe final que estará incluída na memoria final do curso, onde se valorarán os resultados obtidos, as posibles melloras, os erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción das tarefas propostas.

Os indicadores de éxito serán os seguintes:

- A participación e implicación do alumnado e o profesorado implicado foi boa.
- A dinámica dos grupos foi fluída e cooperativa.
- O grao de autonomía dos grupos e o material elaborado foi de calidade, libre de sesgos sexistas.
- Utilizouse unha linguaxe inclusiva.
- O ambiente favoreceu a expresión sa e libre dos sentimentos.

## ANEXO I ACTIVIDADES

NO PROXECTO EDUCATIVO	NAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	PROPOSTA ACTIVIDADES/ COMMEMORACIÓNS
Revisar e eliminar del calquera linguaxe sexista que poida existir.	Fomentar a participación de grupos mixtos no xogo, actividades deportivas etc.	As propostas na orde do calendario escolar.
Detectar e corrixir o uso de linguaxe sexista nos distintos documentos de centro, así coma na cartelería, recursos e materiais didácticos.	Vixiar que os distintos espazos do centro, patio e aulas, sexan ocupados de forma equitativa, sen acaparamento por parte de ningún sexo.	
Revisar e comprobar se os documentos do Proxecto Educativo contemplan obxectivos destinados ao desenrolo da Igualdade entre homes e mulleres.	Buscar o equilibrio e a proporción entre nenos e nenas no reparto de cargos, responsabilidades e tarefas por parte do profesorado.	
Incluír obxectivos no Plan de Acción Titorial que incidan na eliminación de esteriotipos sexistas na sociedade e que axuden a educar alumnado autónomo e crítico.		
Incluír nas programacións didácticas a igualdade na aula.		
Colaborar co Concello en actividades relacionadas co tema de igualdade.		
No Plan de Convivencia o alumnado traballará no exercicio da tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e		



prevención de conflitos, xunto coa resolución pacífica dos mesmos.		
Dentro do Plan de Orientación e Acción Titorial formaremos alumnado no respecto dos dereitos fundamentais e igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres.		